



Expediente: GALP-RP 011_2023_F

**Servizo: REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO
PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA
EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA**

Procedemento: Procedemento II da Instrución 1/2023

**Asunto: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN
TÉCNICAS**

Contido do documento

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP).....	3
1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS.....	3
2. OBXECTO DO CONTRATO	5
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.....	5
4. DETERMINACIÓN DO PREZO	6
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE.....	6
5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA	6
5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.....	7
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS	8
6.1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO.....	8
6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR	8
6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE	9
6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA	9
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	9
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	11
8.1. APERTURA DE OFERTAS.....	11
8.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	11
8.3. DOCUMENTACIÓN PREVIA ESIXIDA AO LICITADOR ANTES DA ADXUDICACIÓN ..	12
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO.....	12
9.1. PRAZO DE EXECUCIÓN	12
9.2. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO CONTRATO	13
9.3. MODIFICACIÓN DO CONTRATO	13





9.4.	ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS	13
9.5.	PAGAMENTO DO PREZO	13
9.6.	CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO	13
10.	PUBLICIDADE	14
11.	ANEXOS	15
11.1.	ANEXO I. OFERTA ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO	15
11.2.	ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE 18	
	PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT)	20
1.	CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN	20
2.	OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.....	20
3.	ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER	21
4.	CALENDARIO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.....	22
5.	FUNCIÓNS E OBRIGACIÓNS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA	22





PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín. 36900, Marín (Pontevedra). Teléfonos: 886 213 015 / 698 180 887 Correo electrónico: galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal CIF: G-36593606
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Pontevedra
Responsable do contrato	Laura Nieto Zas, Xerente do GALP Ría de Pontevedra
Referencia do expediente	GALP-RP_011_2023_F
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Tramitación	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente
Contrato suxeito a regulación harmonizada	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	<input type="checkbox"/> Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. <input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados.





	<input type="checkbox"/> Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
Subdivisión en lotes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Admisión de prórroga	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Revisión de prezos	<input type="checkbox"/> Si, segundo a modificación do contrato prevista neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. <input checked="" type="checkbox"/> Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Admisión de subcontratación	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Criterios de adxudicación	<input type="checkbox"/> Prezo <input checked="" type="checkbox"/> Multicriterio
Orzamento de licitación	31.000,00€ (IVE excluído) / 37.510,00 € (IVE incluído)
Prazo de execución	O prazo de execución comprenderá dende a formalización do contrato (novembro 2023) e ata o 31 de decembro de 2026.
Financiamento	Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>



2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de **REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA** como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 31.000,00 € de **base imponible**, que se incrementará co IVE (21%) por un importe de 6.510,00 €, facendo un orzamento total de licitación de 37.510,00 €.

O valor estimado do contrato tendo en conta as prórrogas posibles, é de 46.500,00 €, IVE excluído.

Valor estimado do contrato	46.500,00 € (IVE, excluído)	
Orzamento base de licitación	Importe base de licitación	31.000,00 €
	IVE (21%)	6.510,00 €
	Importe total de licitación	37.510,00 €
Financiamento	<p>Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).</p> <p><i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i></p>	

As prórrogas serán anuais, por ano natural (de 1 de xaneiro a 31 de decembro).

	2023	2024	2025	2026	2027	2028	TOTAL
	Coste total	Coste total	Coste total	Coste total	Coste total	Coste total	
Apoio administrativo	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €	
1. informes viabilidade t, e e f.	4.900,00 €	4.900,00 €	4.900,00 €	4.900,00 €	4.900,00 €	4.900,00 €	
Informe peritación solicitudes	600,00 €	600,00 €	600,00 €	600,00 €	600,00 €	600,00 €	
2. Informe peritación certificacións	250,00 €	250,00 €	250,00 €	250,00 €	250,00 €	250,00 €	
Coste total estimado (sen IVE)	7.750,00 €	7.750,00 €	7.750,00 €	7.750,00 €	7.750,00 €	7.750,00 €	46.500,00 €
IVE (21%)	1.627,50 €	1.627,50 €	1.627,50 €	1.627,50 €	1.627,50 €	1.627,50 €	9.765,00 €
Coste total estimado (con IVE)	9.377,50 €	9.377,50 €	9.377,50 €	9.377,50 €	9.377,50 €	9.377,50 €	56.265,00 €

Táboa 1: Cálculo do valor estimado do Contrato.



***IMPORTANTE:** Ante a imposibilidade de prever o número de proxectos que se presentarán por convocatoria, establécese que o prezo máximo por informe de viabilidade económica e técnica emitido ascenderá a 350 € + IVE, o informe pericial de proxectos a 200 € + IVE e informe de peritación das certificacións a 250,00 € + IVE. En caso de superarse o importe previsto para os informes en función do número de proxectos, o adxudicatario deberá informar todos os proxectos que cumpran os requisitos previos e sexan susceptibles de financiación, sempre dentro dos orzamentos contemplados no Convenio entre o GALP Ría de Pontevedra, para o que se minorará o prezo dos informes de forma que non se supere en ningún caso o importe previsto anualmente.

4. DETERMINACIÓN DO PREZO

A determinación do valor estimado e o orzamento base de licitación desta contratación realizouse a partir de valores de mercado de servizos análogos prestados nos 12 meses anteriores.

O valor estimado inclúe o valor para o período de contratación así como as posibles prórrogas ata, como máximo, o 31 de decembro de 2028.

Non se prevén modificacións do contrato nin revisión de prezos.

5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A **solvencia económica e financeira** acreditarase por algún dos seguintes medios:

- **Volume anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.
- **Póliza de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais** por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.

Requisitos mínimo de solvencia

1. **Volume anual de negocios** da persoa ou entidade licitante por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato IVE excluído, é dicir, **46.500 €**, no ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos.



Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a persoa ou entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. Tamén poderá acreditarse mediante a presentación de declaracións fiscais ou documento equivalente.

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período total de actividade da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

2. **Seguro de Responsabilidade Civil (RC)** por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato, é dicir, **46.500,00 €** (IVE excluído).

Acreditación: Xustificante da existencia da póliza do seguro en vigor polo importe indicado.

5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A **solvenza técnica e profesional** acreditarase polos seguintes medios:

- 1) *Unha **relación do equipo técnico** destinado a participar directamente na execución do contrato.*

Requisito mínimo de solvenza: O equipo mínimo que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato será de, como mínimo, **2 profesionais**, que deberán contar cos seguintes perfís:

- **1 Titulado en Ciencias Económicas y Empresariales**, Titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 2 do MECES ou **1 Técnico Superior en Administración e Finanzas**. Formación Profesional de grado superior, con nivel 1 de técnico superior no MECES.
- **1 Titulado en Informática ou enxeñería superior de telecomunicacións** (Titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 2 do MECES)¹.

O traballo de apoio administrativo poderá ser realizado por Técnico de xestión administrativa ou titulación semellante ou superior (Titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 2 do MECES) ou FP de grado superior, con nivel 1 de técnico no MECES).

¹ MECES: Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior



Acreditación: A través da presentación dos **títulos académicos**, en copia orixinal ou compulsada (ou outro medio que permita facer viable a súa comprobación ao GALP Ría de Pontevedra), e do **Currículum profesional** das persoas que formarán parte do equipo técnico do servizo.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

A adxudicación do contrato do servizo será para a **oferta máis vantaxosa**, atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

6.1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

- **Oferta económica: 80 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica máis baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = PM \frac{(OL - O_i)}{(OL - OB)}$$

P_i = Puntuación da oferta a valorar

PM = Puntuación máxima do criterio

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)

OB = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

O_i = Oferta a valorar (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

- **Experiencia en elaboración de informes de viabilidade para entidades que xestionan Fondos Europeos relacionados coa pesca (IFOP, FEP, FEMP, FEMPA): 20 puntos** (puntuación máxima)

Darase un punto por cada participación acreditada nunha convocatoria de axudas realizando os informes de viabilidade dos proxectos presentados.

6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Non existen.





6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adjudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

Cando se identifique que unha oferta económica pode ser considerada anormalmente baixa, solicitarase á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse atendendo ás seguintes especificacións.

Lugar de presentación	A presentación das ofertas realizarase a través do envío por correo certificado á dirección postal das oficinas do GALP-RP (Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, CP 36900, Marín, Pontevedra), acreditando a data de envío pola oficina de correos. Será preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección
------------------------------	--



	<p>galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal, dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.</p> <p>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.</p>
<p>Prazo de presentación</p>	<p>O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions.</p> <p>Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.</p> <p>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</p>
<p>Forma de presentación</p>	<p>A documentación necesaria e preceptiva presentarse en dous sobres pechados, os cales deberán estar perfectamente identificados no seu exterior:</p> <ul style="list-style-type: none"> - “SOBRE A: Documentación Xeral” Neste Sobre A incluírase a Declaración Responsable (*) (Anexo II) da persoa ou entidade licitante, comprensiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. <i>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</i> - “SOBRE C: Criterios avaliados de forma automática” Neste Sobre C incluírase a Oferta económica e aquela documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliados de xeito automático (Anexo I). <p><i>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</i></p> <p>As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.</p> <p>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</p>



8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

8.1. APERTURA DE OFERTAS

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de contratación** reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE 1, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación procederáse -no lugar, día e hora sinalados no portal web <https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions>- á apertura, en acto público, do SOBRE C.

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, Marín (Pontevedra).
Data e hora	Publicarase na páxina web https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions , con ao menos 48 horas de antelación, a data e hora da apertura das ofertas.

8.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación na que figurarán as ofertas admitidas e excluídas, así como as causas de exclusión. Para as ofertas admitidas, incluírase a puntuación outorgada por aplicación dos criterios de adxudicación e identificarase á persoa ou entidade licitante coa puntuación máis alta, a cal presenta a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación. Dita proposta será publicada na páxina web do procedemento e, transcorrido o prazo de **3 días hábiles**, de non existir alegacións por parte de ningunha das empresas licitantes, procederáse á adxudicación definitiva da proposta e á subscripción do contrato.

No caso de que algún dos licitantes presente alegacións á resolución de adxudicación efectuada, a Comisión de contratación reunirse no prazo de **2 días hábiles** para dar resposta ás alegacións





presentadas, da que quedará constancia nun acta e, se procede, emitirase unha nova resolución de adxudicación.

8.3. DOCUMENTACIÓN PREVIA ESIXIDA AO LICITADOR ANTES DA ADXUDICACIÓN

Unha vez emitida a proposta de contratación definitiva, será requirida á persoa ou entidade proposta como adxudicataria para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a súa solvencia económica, financeira e técnica, así como a documentación que se precise para a sinatura do contrato, en particular, a seguinte:

- a) Documentación que acredite que a entidade adxudicataria está validamente constituída e que, conforme ao seu obxecto social, pode presentarse á licitación. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.
- b) Documentos que acrediten, no seu caso, a representación legal da entidade.
- c) Xustificantes de non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Administración Autonómica de Galicia, nin débedas coa Seguridade Social.
- d) Alta no imposto de actividades económicas.
- e) Toda documentación que poida resultar necesaria para acreditar o cumprimento da declaración responsable do Anexo II.

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado, entenderase que a persoa ou entidade licitante retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación á persoa ou entidade licitante seguinte en orde, conforme á valoración dos criterios de adxudicación.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1. PRAZO DE EXECUCIÓN

Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, novembro de 2023) e ata o 31 de decembro de 2026 .
Prórrogas	Si, admítese prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2028 . A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2028.





	A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP-RP desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.
--	--

9.2. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

9.3. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé modificación do contrato.

9.4. ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

9.5. PAGAMENTO DO PREZO

O pago realizarase a ano vencido e previa presentación da factura correspondente e unha memoria da execución da Asistencia técnica, estando supeditado á dispoñibilidade de crédito por parte do GALP-RP. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

O pagamento realizarase da seguinte forma, cada ano emitirase una factura co detalle dos servizos realizados, logo de realizada a proposta de aprobación de proxectos polo GALP Ría de Pontevedra.

O pago realizarase previa presentación da factura correspondente, estando supeditado a dispoñibilidade de crédito por parte do GALP-RP. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

9.6. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP-RP poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que conorra algunha das seguintes causas:

- O mutuo acordo entre o GALP-RP e o contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.





- A demora no cumprimento dos prazos establecidos e das entregas acordadas segundo o especificado nos presentes pregos.
- O incumprimento da obrigaón principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.
- A acumulación de máis de tres incidencias por causas imputables á persoa ou entidade contratista, na realización das súas funcións para o correcto desenvolvemento do servizo.
- A insuficiencia de crédito orzamentario, segundo o Convenio de colaboración asinado entre o GALP-RP e a Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026, addendas e modificacións do mesmo, o cal será comunicado polo GALP-RP ao contratista cunha antelación mínima de un mes.

10. PUBLICIDADE

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: <https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions>.

Así mesmo publicarase tamén no mesmo enderezo web, a proposta de adjudicación.





11. ANEXOS

11.1. ANEXO I. OFERTA ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

(A incluír no SOBRE C)

Expediente: GALP-RP 011_2023_F

Procedemento: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

D./Dona. _____, con DNI _____,
en representación de _____, con
CIF/NIF _____, con domicilio social en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____
a efectos de notificación,

MANIFESTA:

Primeiro.- Que concorre á licitación convocada polo Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra para a contratación do servizo de **REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA**, referido ao expediente **GALP-RP_011_2023_F**, estando conforme coas condicións e requisitos para concorrer a dita licitación e cumprindo con todos os requisitos e obrigas exixidos pola normativa vixente para contratar e para percibir subvencións públicas, así como cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Segundo.- Que, con estrita suxeición aos requisitos que se establecen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, se compromete a desenvolver o servizo de acordo coa seguinte **oferta económica**:

PREZO OFERTADO (sen IVE)	€
IVE (21%)	€
PREZO TOTAL OFERTADO (con IVE)	€



Terceiro.- Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polos seguintes prezos unitarios máximos:

	custe ud.
Apoio administrativo 1. (tramitación expedientes ata a proposta de aprobación)	
2. informes viabilidade t, e e f.	
Informe peritación solicitudes 3. (proxectos informáticos ou tecnolóxicos)	
Informe peritación certificacións 4. (proxectos informáticos ou tecnolóxicos)	

Cuarto.- Que, me comprometo á tramitación e emisión de todos os informes de viabilidade e de peritación de proxectos tecnolóxicos ou informáticos que se presenten a cada convocatoria anual de axudas ao abeiro das EDLP do GALP Ría de Pontevedra, cumprindo a normativa para os mesmos que estableza a Consellería do Mar, aínda que isto supoña rebaixar os prezos unitarios ofertados no punto anterior para adaptar o importe anual do servizo ás cantidades máximas establecidas no apartado 3 do Prego de Cláusulas administrativas que rexe esta contratación.

Quinto.- Que, conta cunha experiencia profesional, referida en convocatorias acreditadas de prestación de servizo de elaboración de informes de viabilidade técnica, económica e financeira para entidades colaboradoras das administracións públicas que xestionan fondos europeos de pesca de _____ convocatorias (*).

Denominación do servizo	Entidade sen ánimo de lucro contratante	Data de convocatoria	Total de convocatorias
1.			
2.			
3.			
4.			
....			



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

(*) Deben achegarse os Certificados de boa execución acreditativos da experiencia profesional da persoa ou entidade licitante para a súa comprobación. Puntuarase con 0 puntos este criterio se non se presentan ditos certificados xustificativos.

En _____, a ____ de _____ de 2023.

Sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



11.2. ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

Expediente: GALP-RP 011_2023_F

Procedemento: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

D./Dona. _____, con DNI _____,
en representación de _____, con
CIF/NIF _____, con domicilio social en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____
a efectos de notificación,

DECLARA:

Primeiro.- Que a persoa licitante ou empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa a cal represento.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP², en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha oferta para esta contratación mediante empresa vinculada, segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas contingencias que puidesen xurdir do contrato.

² Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é

Sexto.- Comprométese a acreditar, ante o GALP Ría de Pontevedra, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a _____ de _____ de 2023.

Sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante





PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra (en adiante, GALP-RP) é unha asociación sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora coa Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA) 2021 – 2027 no ano 2023, desenvolvendo xa esta actividade dende o ano 2009.

O Convenio de colaboración establece o marco regulador do réxime de contratación do GALP-RP, na cláusula décimo oitava. De acordo con este convenio, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP-RP, pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora coa Consellería do Mar, na xestión e control de fondos públicos. Asemade, os GALP terán en conta as instrucións, que emita o organismo intermedio de xestión (en adiante, OIX), en materia de contratación.

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP-RP a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro**, na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe. Esta instrución establece un procedemento específico para a adxudicación de contratos para necesidades continuas dos GALPs, sendo aquelas recorrentes e cunha mesma finalidade. Os presentes pregos responden a dito procedemento, o cal é aberto para calquera persoa ou entidade licitante que cumpra cos criterios de solvencia.

2. OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a asistencia técnica para a prestación do servizo de **REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE VIABILIDADE E APOIO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS QUE SOLICITAN AXUDAS AO ABEIRO DA EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA**, como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

A finalidade do servizo é a de cumprir coa fase de instrución ao abeiro da *ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023.*





Segundo a citada Orde, o equipo técnico dos GALP, unha vez recibidas as solicitudes para a concesión das axudas, debe emitir un informe que inclúa a determinación da admisibilidade, elixibilidade e viabilidade dos proxectos presentados, o cal debe conter os seguintes aspectos:

- a) Xustificación de que a operación se inclúe no ámbito de aplicación do FEMPA.
- b) Xustificación da medida en que o proxecto contribúe aos obxectivos da EDLP.
- c) Valoración da medida en que os proxectos compren os requisitos xerais e os requisitos en materia ambiental cando se trata de investimentos materias, conforme ao artigo 4 da Orde.
- d) Indicación do cumprimento da persoa solicitante para poder ser beneficiario das axudas, conforme aos artigos 5, 6 e 8 da Orde.
- e) Indicación dos gastos subvencionables e non subvencionables, conforme aos artigos 9, 10 e 11 da Orde.
- f) Xustificación da non superación do orzamento máximo que contempla a EDLP para o obxectivo estratéxico no que se encadra o proxecto.
- g) No seu caso, xustificación da protección fronte ao cambio climático de inversións en infraestruturas cuxa vida útil sexa como mínimo de 5 anos.
- h) No seu caso, xustificación de que o proxecto ten a consideración de proxecto do sector pesqueiro.

3. ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER

O cometido da adxudicataria será a prestación de apoio ao persoal técnico do GALP en toda a fase de instrución e elaboración da proposta de aprobación de proxectos ao abeiro da EdLP do GALP Ría de Pontevedra, unha vez recibidas as solicitudes para a concesión das axudas:

- O persoal que preste o apoio administrativo debe elaborar toda a documentación requirida para a instrución do expediente, en particular, requirimento de documentación complementaria, acta de non inicio, listados de comprobación de admisibilidade, idoneidade técnica e subvencionabilidade
- Pola súa banda, deberán emitirse os informes de viabilidade técnica, económica e financeira conforme as especificacións que inclúe a Orde, dite a Consellería do Mar ou defina a xerencia do GALP.
- No caso de proxectos tecnolóxicos ou informáticos, deberá debe emitir un informe que inclúa a idoneidade dos investimentos ao obxecto do proxecto e a súa valoración económica en termos de valor de mercado.
- Tamén neste caso deberá emitirse un informes nas xustificación deste expedientes respecto da adaptación dos equipos e programas adquiridos/ desenvolvidos, as especificacións definidas no proxecto.





4. CALENDARIO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

O prazo de execución comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, novembro de 2023) e **ata o 31 de decembro de 2026**.

O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2028. A prórroga será realizada anualmente, e por períodos anuais, ata o 31 de decembro de 2028.

5. FUNCIONS E OBRIGACIONS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA

A prestación do servizo está suxeita ás seguintes función e obrigas:

- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- A persoa ou entidade adxudicataria non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP-RP para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- A persoa ou entidade adxudicataria non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP-RP. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.
- A persoa ou entidade adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas que lle corresponden relativos ao exercicio das súas actividades empresariais, así como aquelas de carácter laboral en relación aos seus empregados, incluídas as de previsión, seguridade social, etc.
- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas foron aprobados pola Comisión de pregos delegada da Xunta Directiva do GALP-RP.

En Marín, a 24 de Outubro de 2023.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

Concello de Sanxenxo

Concello de Meaño

Asdo.: Paula Martínez Santos

Asdo.: Carlos Vieitez Fernández

Concello de Bueu

Asociación Irmandade Illa de Tambo

Asdo.: Silvia Carballo González

Asdo.: Miguel Ángel Aris Abilleira



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR